

PROGRAMACIÓN: BANDA (Escola)

Obxetivos Xerais:

- 🎵 Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras que rexen a actividade musical de conxunto, e aceptar a responsabilidade que, como membro dun grupo, se contrae coa música e cos compañeiros.
- 🎵 Asimilar como propias as pautas de comportamento que implica o feito de realizar unha actividade musical.
- 🎵 Participar na planificación e realización en equipo de actividades bandais, valorando as aportacións propias e alleas, en función dos obxectivos establecidos, mostrando unha actitude flexible, colaboradora e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.
- 🎵 Desenvolver o equilibrio psicológico necesario para integrarse de forma absoluta no conxunto e no traballo de equipo.
- 🎵 Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- 🎵 Aprender a traballar en equipo e a tocar en grupo.
- 🎵 Valorar a práctica bandística como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.
- 🎵 Coñecer as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- 🎵 Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás exixencias do repertorio traballado.
- 🎵 Desenvolver a lectura a vista, co fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ó curso.
- 🎵 Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical en xeral.
- 🎵 Traballar constantemente para ofrecer diversos concertos, a ser posible, con diversos repertorios.